

PLAN APÍCOLA 2018



A orde das axudas do Plan Apícola 2018 será publicada no mes de marzo. A subvención repartirase nesta orde prioridade e coa porcentaxe máxima de:

- Ata o 80 % nos tratamentos contra a varroa
- Ata o 50 % no alimento
- Ata o 50 % na cera

Ademais, o Plan Apícola tamén subvenciona o 90 % do custe dun veterinario e o 70 % dun técnico, para prestar información e asistencia técnica ós apicultores e apicultoras.

En función das solicitudes que haxa, pode ser que non cheguen os fondos para cubrir todos estes conceptos.

Debido ós problemas causados pola diferenza entre o material solicitado e o finalmente mercado, xa que hai socios que piden pero despois no levan o produto, este ano no momento de facer a solicitude haberá que facer o pago de todo o material (tratamentos, cera, alimento e seguro) que se recollerá despois nos lugares indicados na mesma.

REQUISITOS

1. Estar inscrito/a no Rexistro Oficial Apícola de Galicia antes do 01 de xaneiro do 2018.
2. Ter actualizado o caderno apícola entre o 1 de xaneiro e o 1 de marzo de 2018 na oficina agraria.
3. Ter contratado un seguro de colmeas a través de AGA ou por conta propia.

Para SOLICITAR AS AXUDAS os socios/as deberán enviar:

1. Solicitude que se adxunta nesta carta (ver exemplo no anexo I)
2. Xustificante de pagamento do pedido, a ingresar na conta de AGA (indicando no concepto o nome do socio/a e Plan Apícola 2018) ou fotocopia do albarán de compra, no caso de ter xa adquirido o material.
3. Fotocopias do caderno apícola da:
 - Páxina nº1 onde figura o selo da actualización do ano 2018. Se nesta páxina non está o selo, enviar tamén a páxina onde estea (páxinas nº 1 a 3), asegurándose que apareza o selo, sinatura, data e "conforme" da oficina agraria
 - Páxina nº4 onde figuran os datos do titular da explotación.

Non é necesario compulsalas.

PRAZOS

Enviar a solicitude e a documentación (facer as copias por unha única cara) antes do 31 de marzo.

Por email: info@apiculturagalega.es ou por carta: AGA Feira Nova s/n 15819 Santa María Arzúa ou. Se se envía por email, confirmaremos a recepción pola mesma vía. Se non se recibe confirmación, poñerse en contacto con AGA.

Recoller o tratamento e material antes do 7 de xullo. O material adquirido despois desa data non poderá ser subvencionado.

MATERIAL SUBVENCIONADO

Tratamentos contra a varroa

O tratamento será subvencionado ata o 80 % do seu custe. Hai que facer o pedido por envases e realizar o pagamento do 20% (xa a prezo subvencionado) para as colmeas actualizadas na oficina agraria a 31/12/17 e para o resto de colmeas a prezo sen subvención (ver prezos no anexo III). No caso de necesitar máis tratamento durante o ano, poderase pedir máis adiante. O tratamento será entregado polo veterinario no mes de xuño según o calendario (ver datas no anexo II), menos as explotacións de máis de 100 colmeas tratadas co mesmo produto que o recibirán no domicilio.

Alimento e cera

O alimento e a cera poden ser subvencionados ata o 50 %. Pódese pedir como máximo 4 € de alimento por colmea, do que poderá ser subvencionado como máximo 2 €, e 12 € de cera por colmea, do que poderá ser subvencionado como máximo 6 €. Para poder solicitar alimento e cera hai que solicitar tamén tratamento para a varroa.

No momento de facer a solicitude hai que pagar o 100% do seu custe (ver prezos no anexo IV). En función da porcentaxe que finalmente se subvencione, farase a devolución a cada socio/a a partir do mes de outubro, cando AGA cobrará a subvención.

Os pedidos pódense recoller en Erica Mel en Arzúa, Apiyago en Santiago, Apícola Carballal en Ourense, que hai que indicar na solicitude. No momento de recoller o pedido hai que indicar que solicita a axuda do Plan Apícola por AGA e gardar o albarán (non é necesario envialo a AGA).

No caso de necesitar alimento ou cera en ecolóxico poñerse en contacto con AGA no momento de facer a solicitude.

SEGURO APÍCOLA

Para solicitar o Plan Apícola é obligatorio ter un seguro de colmeas. Hai que asegurar como mínimo as colmeas actualizadas no libro.

O custe é de 1.28 €/colmea e ten un validez ata o 7 de febreiro de 2019.

Lembramos que o seguro non se renova automaticamente, polo tanto é preciso comunicar a AGA a súa renovación aínda que xa o teñan feito o ano pasado.

Para facer o seguro por AGA: Se todavía non o comunicaron, hai que indicalo na solicitude da subvención anotando o nº de colmeas e facer o pago xunto co resto do material solicitado.

No caso de ter seguro propio: Enviar xunto coa solicitude a copia da póliza e o xustificante bancario do seu pagamento.

MÁIS INFORMACIÓN

Asociación Galega de Apicultura
Feira Nova s/n 15819 Santa María (Arzúa)
Tel. 981 508 142 / 630 069 637
Email: info@apiculturagalega.es / Web: www.apiculturagalega.es

SOLICITUDE PLAN APÍCOLA 2018



DATOS SOCIO/A

NOME E APELIDOS:	
TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:

DATOS EXPLOTACIÓN

TITULAR:	NIF:
Nº REXISTRO APÍCOLA:	Nº COLMEAS ACTUALIZADAS A 31/12/17:

MATERIAIS E SERVIZOS SOLICITADOS

1. TRATAMENTO DA VARROA

SUBVENCIÓN 80% PARA COLMEAS DECLARADAS A 31-12-17. RESTO DE COLMEAS A PREZO SEN SUBVENCIÓN

PRODUTO:

Nº ENVASES:.....

Nº COLMEAS A 31/12/17 X PREZO PLAN APÍCOLA: € = €
+
Nº COLMEAS RESTANTES X PREZO SEN PLAN APÍCOLA € = €
=

LUGAR DE RECOLLIDA (Ver anexo II) :.....

IMPORTE 1: €

2. ALIMENTO

SUBVENCIÓN ATA O 50 %· PEDIDO MÁXIMO 4 € / COLMEA

PRODUTO:.....

Nº ENVASES:..... X PREZO: € = **IMPORTE 2: €**

LUGAR DE RECOLLIDA (Marcar cunha X): Erica Mel Apiyago Apícola Carballal

3. CERA

SUBVENCIÓN ATA O 50 %. PEDIDO MÁXIMO 12 € / COLMEA

KG:..... X PREZO: € = **IMPORTE 3: €**

LUGAR DE RECOLLIDA (Marcar cunha X): Erica Mel Apiyago Apícola Carballal

4. SEGURO COLMEAS

ASEGURAR CON AGA: Nº COLMEAS..... X PREZO: 1,28 € = **IMPORTE 4: €**

POR CONTA PROPIA: ENVIAR COA SOLICITUDE A COPIA DA PÓLIZA

IMPORTE 1 + IMPORTE 2 + IMPORTE 3 + IMPORTE 4 = **TOTAL A INGRESAR €**

Nº conta de AGA: ES02 2080 0348 38 3000018210 (ABANCA), indicando nome do socio/a "Plan Apícola 2018"

COA PRESENTE AUTORIZO A AGA A SOLICITAR NO MEU NOME O PLAN APÍCOLA DO ANO 2018 E DECLARO QUE NON SOLICITO ESTA AXUDA POR NINGUNHA OUTRA CANLE.

EN _____ A _____ DE _____ DO 2018.

ASDO.

ENVIAR ANTES DO 31 DE MARZO

Por carta:

AGA Feira Nova s/n 15819 Santa María Arzúa

Por email: info@apiculturagalega.es

Documentación a adxuntar:

1. Fotocopias do caderno apícola: páxina nº 1 e a seguinte onde figure o selo da última actualización (da nº 1 a nº 3), e a páxina nº 4 onde figuran os datos da explotación.
2. Xustificante do pagamento do pedido ou copia do albarán de compra.
3. No caso de ter seguro propio: Copia da póliza e xustificante do seu pagamento.

ANEXO I

EXEMPLO SOLICITUDE

María ten 23 colmeas declaradas na oficina agraria a data 31/12/17 e quere pedir o máximo permitido na subvención. O pedido sería o seguinte:

1. TRATAMENTO DA VARROA

Produto:Apivar.....

Nº envases:.....5.....

Nº colmeas a 31/12/1723..... X Prezo Plan Apícola:0,612.... € =14,08..... €

+

Nº colmeas restantes2..... X Prezo sen Plan Apícola3,06..... € =6,12..... €

Lugar de recollida (ver anexo II):...Arzúa.....

IMPORTE 1:20,20... €

2. ALIMENTO

Produto:.....Apipasta con proteína.....

Nº envases:.....73..... X prezo: ...1,25... € = **IMPORTE 2:91,25..... €**

Lugar de recollida (ver anexo II):.....Apícola Carballal.....

3. CERA

Kg:.....23..... X prezo: ...12..... € = **IMPORTE 3:276..... €**

Lugar de recollida (ver anexo II):.....Apiyago.....

4. SEGURO COLMEAS

Asegurar con AGA: Nº colmeas....23.... X 1,28 € = **IMPORTE 4:29,44..... €**

Por conta propia: Enviar coa solicitude a copia da póliza e xustificante bancario do seu pagamento.

Importe 1 + Importe 2 + Importe 3 + Importe 4 = TOTAL A INGRESAR:416,89 €.....

ANEXO II

CALENDARIO DE ENTREGA TRATAMENTOS VARROA

ARZUA. Centro Queixo e Mel. Sabado 2 de Xuño- Mostra Galega de Apicultura, de 10 a 14 h. e de 16 e 18 h.	ALLARIZ. Fundación Ramón González Ferreiro. Sabado 23 xuño, de 11 a 13 h.
QUIROGA. Casa da Cultura. Sabado 9 xuño, de 11 a 13 h.	CUALEDRO. Centro de Interpretación dos Castros. Sabado 23 xuño, de 17 a 19 h.
VIANA DO BOLO. Pazo do Mel. Sabado 9 xuño, de 17 a 19 h.	MONDOÑEDO. Centro Comarcal A Mariña Central (Antigo cuartel). Domingo 24 xuño, de 11 a 13 h.
ORTIGUEIRA. Centro Social de San Adrián. Domingo 10 de xuño, de 17 a 19 h	O CORGO. Local Veciños Pedrafita. Domingo 24 xuño, de 17 a 19 h.
LALÍN. Auditorio- Conservatorio. Venres 15 xuño, de 17 a 19h	CARBALLO. Pazo da Cultura. 30 xuño, de 11 a 13 h.
PONTEVEDRA. Apípolis - San Andrés de Xeve. Sabado 16 de xuño, de 17 a 19 h.	BOIRO. Centro Cultural A Cachada. 30 xuño, de 17 a 19 h.
GONDOMAR. Centro Neural. Domingo 17 de xuño, de 11 a 13 h.	A CORUÑA. Bar Lorenzo. 6 de xullo, de 17 a 20 h.
MOAÑA. Casa Mocidade,O Rosal. Domingo 17 de xuño,de 19 a 21 h.	NARON. Asoc. Veciños Sedes.7 de xullo,de 11 a 13 h.

ANEXO III

PREZOS TRATAMENTOS VARROA

PRODUTO	PRINCIPIO ACTIVO	Nº COLMEAS/ ENVASE	PREZO / ENVASE	PREZO / COLMEA SEN PLAN APÍCOLA	PREZO / COLMEA PLAN APÍCOLA (20%)
APIVAR	AMITRAZ (tira de 20,5 cm)	5	15,30 €	3,06 €	0,612 €
APITRAZ	AMITRAZ (tira de 25 cm)	5	14,55 €	2,91 €	0,582 €
THYMOVAR (ECOLOXICO)	TIMOL	5	17,85 €	3,57 €	0,714 €
ECOXAL (ECOLÓXICO)	ACIDO OXÁLICO	25	48,40 €	1,94 €	0,387 €

Nota:

Podemos ofrecer tamén o novo produto Varromed (timol, ac. oxálico e fórmico) válido para ecolóxico. Debido a problemas de resistencias e residuos, os socios e socias interesadas no Checkmite ou Apistan que se poñan en contacto co veterinario de AGA.

ANEXO IV

PREZOS CERA E ALIMENTO

PRODUTO	LUGAR DE COMPRA	PREZO / KG
CERA	Erica Mel, Apiyago ou Apícola Carballal	12,00 €
APIPASTA CON PROTEINA (SÓLIDO)	Erica Mel ou Apícola Carballal	1,25 €
MELOSTAR (SÓLIDO)	Erica Mel ou Apiyago	1,60 €
MIXFRUTOR (LÍQUIDO)	Erica Mel ou Apícola Carballal	12,60 € (garrafa 14 litros)